

anuncios publicados no *Diario Oficial de Galicia* do 29 de abril, e no xornal *El Correo Gallego* do 30 de abril e do 1 de maio de 2004, sen que consten alegacións. O trámite foi reiterado, por requirimento desta consellería, por resolución da Alcaldía do 27-7-2004, sendo publicados anuncios no *Diario Oficial de Galicia* do 4 de agosto e nos xornais *El Correo Gallego* do 28 e 29 de xullo e *La Voz de Galicia* do 29 e 30 de xullo, todos do ano 2004, sen que se presentasen alegacións.

No expediente constan informes do arquitecto técnico municipal do 25-3-2004 e da secretaria do concello do 20-9-2004 favorables á proposta.

O concello requiriu informe da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo o 29-7-2004, sen que fose emitido en prazo, de acordo co certificado incluído para o efecto no expediente.

O proxecto, aprobado provisoriamente polo Pleno do Concello o 11-6-2004, aprobación ratificada por novo acordo plenario do 30-9-2004, contén cambios respecto do informado previamente á súa aprobación inicial, que afectan fundamentalmente a normativa e os planos. Nestes, ao contrario que no documento informado, non se cualifica como equipamento privado a totalidade da parcela interior a aliñacións propiedade da *S.C.R. Liceo*, senón só a parte ocupada pola edificación, o que non resulta coherente coas modificacións introducidas na normativa. Por isto, e conforme o contido do proxecto exposto na memoria, cómpre modificar o parágrafo relativo á ocupación do punto 6 B) do proxecto, que deberá ter a seguinte redacción:

«Ocupación: será do 100% do ámbito cualificado como equipamento colectivo privado no plano 459 nº 04 (plano de ordenanzas)».

No demais, o proxecto cumpre substancialmente as observacións indicadas no informe da Dirección Xeral de Urbanismo do 8 de marzo de 2004.

A competencia para adoptar esta decisión correspóndelle ao conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio de conformidade co disposto no artigo 85.5º da Lei 9/2002.

En virtude do antedito, de conformidade co establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e de acordo co informe do Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial da Coruña e das subdireccións xerais de Urbanismo e de Disciplina e Informes do 25 de novembro de 2004, así como coa proposta da Dirección Xeral de Urbanismo, da mesma data

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Aprobar definitivamente a modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do concello de Noia (A Coruña) no ámbito do quinteiro definido polas rúas da Coruña, Frei Lois Rodríguez, paseo

da Alameda e caella perpendicular, coa condición de que o parágrafo relativo á ocupación do punto 6 B) do proxecto teña seguinte redacción:

«Ocupación: será do 100% do ámbito cualificado como equipamento colectivo privado no plano 459 nº 04 (plano de ordenanzas)».

##### Artigo 2º

De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar a normativa e ordenanzas da modificación aprobada definitivamente no BOP posteriormente a que dea cumprimento á condición recollida no artigo anterior.

#### Disposición derradeira

Segundo o disposto no artigo 85.9º da citada Lei 9/2002, contra esta orde non cabe recurso en vía administrativa; non obstante, contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2004.

Alberto Núñez Feijoo

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

### CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

*Orde do 10 de decembro de 2004 pola que se convocan subvencións para a mellora de establecementos de turismo rural.*

Tendo en conta a situación da actividade primaria existente no noso espazo rural, que xeraba unhas grandes flutuacións económicas e provocaba o éxodo da poboación, a Xunta de Galicia decidiu desde os últimos anos incentivar e fomentar alternativas de investimento co fin de corrixir esta circunstancia. A liña de actuación, desde o plano turístico, pasou por fomentar que os cidadáns do medio rural dedicasen as súas vivendas á nova modalidade de turismo rural.

Este novo concepto de turismo enmarcábase en catro liñas básicas. Por unha parte, creaba para os cidadáns unha nova alternativa de ocio. Outra liña era a potenciación e comercialización, mediante a restauración e rehabilitación do noso patrimonio arquitectónico rural. En terceiro lugar, isto levaba consigo unha dinamización económica da zona en que se situaban. Finalmente, e desde a perspectiva

turística pretendíase, con esta actuación, incidir nunha desestacionalización e diversificación do noso turismo, xerando con isto un turismo sustentable.

Desde a Xunta de Galicia, e a pesar da valoración positiva do conseguido ata o momento, entendemos que debemos mellorar esta oferta de turismo rural incidindo, fundamentalmente, na calidade.

A presente orde busca esta finalidade para os establecementos xa abertos que se concreta nunha mellora das súas instalacións, así como, de ser o caso, a súa adaptación ao determinado no Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural. Polo tanto, coa presente orde preténdense pequenos investimentos nas casas para mellorar a súa calidade e para, se é o caso, adaptalas á referida normativa do ano 2004.

En consecuencia e con cargo aos créditos da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo asignados para esta finalidade, así como os límites de intensidade establecidos no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia e todo isto consonte o establecido sobre medidas de fomento no artigo 73 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, en concordancia co sinalado no artigo 74 da dita lei e tendo en conta o determinado no Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e así mesmo tendo en conta as determinacións da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, convócanse axudas destinadas á mellora dos establecementos de turismo rural, polo que

### *DISPÕÑO:*

#### Artigo 1º.-Obxecto.

Poderán ser obxecto de subvención, de acordo co establecido nesta orde, os investimentos relativos á:

1º Mellora das instalacións e servizos dos establecementos de turismo rural, abertos con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural, coa finalidade de que estes establecementos axusten as súas instalacións e servizos ás esixencias que para estes se sinalan no artigo 10 do referido decreto.

2º Mellora da oferta complementaria de servizos segundo o establecido no artigo 10.3º e 4º do Decreto 191/2004, de establecementos de turismo rural.

A mellora non poderá supor un incremento superior ao 10% das prazas autorizadas pola administración turística.

Considerarase investimento subvencionable tanto a execución material do investimento como a redacción dos proxectos e a dirección de obra, non sendo subvencionable o equipamento nin as taxas e impostos legalmente exixibles.

#### Artigo 2º.-Determinacións orzamentarias.

Á ditas concesións, que se imputarán á aplicación orzamentaria 10.05.651A.770.0, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, destínase un crédito de 286.241,14 €, distribuídos en 3 anualidades, a saber, no ano 2005, 72.202,18 €, no ano 2006, 38.885,72 € e no ano 2007, 175.153,24 €. Como as subvencións concedidas teñen carácter plurianual, observarase o que dispoñen os artigos 16.2º e 17 do Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos do pagamento correspondente ás anualidades dos exercicios de 2005, 2006 e 2007, sendo nestas axudas posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade, pero o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superen a porcentaxe máxima do investimento subvencionable segundo o legalmente establecido.

Os proxectos que se recollen nesta orde como accións subvencionables poderán acadar un máximo de axuda de ata o 30% do orzamento do investimento subvencionable; a porcentaxe da subvención concedida, con respecto ao investimento subvencionable, incrementarase en 5 puntos porcentuais se o proxecto implica a creación de comedor para o establecemento.

Engadiranse seis mil cen (6.100) euros por cada posto de traballo a crear indefinido que supere a porcentaxe mínima de contratación estable que para ser beneficiario de subvención se exige nesta orde cun incremento máximo do 5% sobre o 35% anterior.

En ningún caso o importe da subvención concedida, con cargo aos referidos créditos desta consellería, poderá superar o 40% do investimento subvencionable.

O importe total da subvención será distribuído en tres anualidades.

#### Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios da subvención, de conformidade co sinalado na presente orde, os propietarios de inmobles dedicados a turismo rural ou as persoas físicas ou xurídicas que, sen seren propietarias, xestionen o establecemento coa debida autorización da Administración turística.

Ademais do establecido no antedito Decreto 191/2004, de establecementos de turismo rural,

os investimentos que se subvencionen deberán de cumprir as seguintes condicións:

a) Os proxectos subvencionados que impliquen obras serán de rehabilitación ou restauración, mantendo e recuperando a memoria histórica do inmovible e a súa contorna.

\* Deberán ser respectuosos coa estrutura da edificación nas súas relacións co lugar; así mesmo, respectaranse os seus usos tradicionais e a sectorización segundo as plantas.

\* Manteranse os volumes e formas preexistentes e proporanse materiais e acabamentos propios da zona e das condicións do inmovible.

\* Recuperaranse as estruturas tradicionais cos requirimentos técnicos exixibles.

\* Terase especial coidado na resolución da cuberta, lucernarios e elementos auxiliares, así como no tratamento de fachadas.

\* O proxecto tentará de formular solucións canto á potabilidade da auga, a evacuación dos residuos e o seu tratamento.

b) As construcións *ex novo* que se formulen serán subvencionables sempre que estean vencelladas a servizos complementarios do establecemento ou de mellora dos existentes.

c) A superficie pechada destinada a cuartos (e os seus baños) non poderá ser maior que a destinada a espazos comúns (salóns, comedor, biblioteca, cociña, etc.), sen contar espazos de circulación.

#### Artigo 4º.-Obrigas dos solicitantes.

Os titulares dos establecementos de turismo rural subvencionados adquiren os seguintes compromisos e obrigas:

a) Manter a súa actividade durante un período mínimo de quince anos, contados desde a data en que se lle concedeu por vez primeira pola Administración turística a autorización provisoria para o funcionamento do establecemento. Así mesmo, e de conformidade co artigo 8.5º do Decreto 172/2001, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, e o número 4.10 das directrices comunitarias sobre axudas de Estado de finalidade rexional, deberán manter os investimentos subvencionados durante un período mínimo de 5 anos.

b) Ofrecer os seus servizos mediante prezos semellantes aos que operan no mercado desta comunidade autónoma para os establecementos análogos, sen prexuízo do disposto na lexislación vixente sobre prezos.

c) Manter o establecemento aberto e en funcionamento durante 8 meses ao ano e obrigatoriamente os meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

d) Adscribirse á central de reservas de *Turgalicia*.

e) Crear os postos de traballo a que se compromete na declaración xurada reflectida no anexo II nun

prazo de 5 anos contados desde a data da realización íntegra do investimento subvencionado e mantelos durante un período de 5 anos.

f) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas.

g) A reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido da subvención concedida, así como os correspondentes xuros de demora producidos desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

-Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.

-Incumprimento da obriga de xustificación nos prazos e termos establecidos nesta orde.

-Ter obtido a subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.

-Incumprimento da finalidade para que foi concedida a subvención.

-Superar a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

#### Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes, dirixidas ao delegado provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo correspondente á provincia de localización do investimento, e a documentación que a seguir se especifica presentarase, por duplicado exemplar, no Servizo Provincial de Turismo da respectiva delegación provincial, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no prazo de corenta días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*:

a) Solicitud segundo o modelo do anexo I.

b) Anexo II.

c) Anexo III

d) Copia cotexada do DNI e do NIF do solicitante ou do CIF cando corresponda.

e) Licenza municipal ou licenza por obra menor, se for o caso, que posibilite a execución do investimento para o que se solicita subvención. No caso de carecer dela no momento de realizar a solicitude de subvención, presentarase informe urbanístico emitido polo concello onde especificamente se determine se a execución do proxecto para que se solicita subvención é conforme coa legalidade urbanística vixente.

Será obrigatoria a presentación da licenza urbanística coa primeira solicitude de pagamento.

f) Proxecto básico asinado por técnico facultativo competente en que se faga constar o seu número de colexiado, cando o investimento se refira á rea-

lización das obras. Así mesmo, será preceptivo remitir o dito proxecto, coas condicións sinaladas neste parágrafo, cando o investimento proxectado se refira a instalacións do establecemento que se atopen vencelladas coa seguridade deste ou da dos seus usuarios.

g) Memoria explicativa asinada, así mesmo, por técnico facultativo competente cando o investimento se refira á adquisición de equipamento telefónico, a execución dun proxecto de decoración, a intervencións de remoción e pequenas reparacións, sempre e cando estes investimentos non se atopen vencellados coa seguridade do establecemento ou da dos seus usuarios. Á dita memoria achegaráselle os correspondentes certificados de idoneidade técnica.

En calquera de ambos os casos, é dicir, tanto co proxecto como coa memoria explicativa, farase constar no expediente, obrigatoriamente, o seguinte:

-Memoria histórica do edificio, facendo referencia á súa catalogación ou inventariación cando a edificación para que se solicita a subvención non a percíbese con anterioridade da Administración turística da Xunta de Galicia.

-Fotografías actuais do inmovible, exteriores, interiores e da contorna.

-Memoria explicativa do investimento e xustificación das solucións adoptadas.

-Orzamento do investimento en que se incluírá, segundo corresponda, e especificándose o importe detallado de cada un deles, os elementos ou os capítulos que conforman o investimento, así como, se for o caso, o custo da redacción do proxecto e da dirección de obra.

-Planos do estado actual e do proxectado, cando o investimento afectar a distribución ou uso das instalacións existentes.

-Indicación dos materiais e acabamentos propostos.

-Características técnicas do investimento.

-Prazo previsto para a execución.

h) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

i) Documentos acreditativos, se é o caso, de asistencia a cursos de formación en materia de servizos turísticos do titular ou do persoal ao servizo do establecemento. Neste caso deberá presentarse o TCI correspondente.

j) Se é o caso, solicitude debidamente motivada para que, por circunstancias de estacionalidade da actividade ou de especiais dificultades do sector ou da empresa concreta, se solicite á Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos que autorice de xeito excepcional a non existencia

de porcentaxe mínima de emprego estable para obter a consideración de beneficiario da axuda.

2. Os interesados emendarán os defectos dos expedientes das solicitudes de subvención que o precisen, segundo o sinalado no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; de non facelo, teranse por desistidos na súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

3. As compulsas que procedan para toda a documentación que se especifica nesta orde faranse nos correspondentes servizos centrais ou provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Artigo 6º.-Selección das solicitudes e resolución.

Ás solicitudes xuntaráselles o informe emitido pola respectiva delegación provincial de Turismo, no cal se deberán indicar as faltas de adaptación do establecemento para que se solicita subvención á normativa vixente, a súa data de autorización así como un informe de valoración da prestación do servizo de turismo rural.

As solicitudes serán estudadas por unha comisión técnica constituída polo titular da Subdirección Xeral de Fomento e Cooperación, que a presidirá, actuando como vogais un representante de cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, os xefes dos servizos provinciais de Turismo, os xefes do Servizo, de Fomento e Promoción, de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística e de Ordenación do Turismo da Dirección Xeral de Turismo e o xefe da área de turismo rural de Turgalicia. Exercerá as funcións de secretario da comisión o antedito xefe do Servizo de Fomento e Promoción.

1. Para a valoración das solicitudes teranse en conta en orde decrecente os seguintes criterios:

1º O estado actual e as características da edificación conforme parámetros arquitectónicos que permitan a súa utilización turística.

2º A oferta de servizos existente e a relación entre a oferta de servizos proxectada para o establecemento que supere a exixida pola normativa reguladora deste e o investimento proxectado.

3º A inexistencia de sancións firmes impostas ao establecemento por un funcionamento defectuoso na calidade dos servizos ofertados.

4º Número de postos de traballo a crear e o seu grao de estabilidade.

5º As características da rehabilitación atendendo fundamentalmente á recuperación do patrimonio arquitectónico tradicional.

6º Incorporación a plans de calidade normalizados e recoñecidos nos mercados, en particular os homologados polo Instituto da Calidade Turística Española.

7º Que o solicitante sexa beneficiario dun programa de novos emprendedores do Instituto Galego de Promoción Económica.

8º A incidencia que nos recursos turísticos ten na área do investimento consonte estudos e análise aprobados pola Dirección Xeral de Turismo.

10º Que o investimento esté localizado nun municipio incluído nun plan de dinamización ou excelencia turística.

11º Non estar localizado o investimento nun municipio incluído nalgún outro programa de axuda que persiga os mesmos fins.

2. Esta comisión, á vista dos expedientes, dos informes emitidos, e dos informes que considere necesarios, analizará e cualificará os proxectos e, tendo en conta as disponibilidades orzamentarias, elevará proposta de concesión ou denegación de subvención. Dos acordos adoptados pola sinalada comisión redactarase a correspondente acta.

3. No ámbito territorial da súa competencia e vistos os acordos adoptados pola referida comisión técnica, os delegados provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ditarán, ao abeiro das competencias que lles atribúe o Decreto 88/1990, do 15 de febreiro, sobre desconcentración de competencias para a concesión de axudas e subvencións nos delegados provincias ou territoriais da Xunta de Galicia, as resolucións de concesión ou se é o caso, de denegación de subvencións. Contra os ditos actos resolutivos, que non esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpor, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

4. A resolución de concesión determinará o importe da subvención concedida, con cargo ás disposicións orzamentarias para os anos 2005, 2006 e 2007. Se por calquera motivo, e durante o exercicio económico, houbese máis crédito orzamentario para a concesión de subvencións obxecto desta orde vistos os acordos da comisión técnica e a proposta formulada polas correspondentes delegacións provinciais, poderanse conceder subvencións aos expedientes que non a recibisen ou ben, de ser posible, poderase incrementar os importes das xa concedidas ao abeiro desta orde.

No caso de concesión de subvención agás a resolución dun recurso administrativo, as datas para a presentación da documentación a que fai referencia o artigo 7º desta orde, así como os prazos establecidos no artigo 9º.1 teranse que determinar no acto que resolva o dito recurso. Estas datas e prazos non poderán ser, en ningún caso, posteriores ao 30 de xuño de 2007.

5. Entenderanse desestimadas as solicitudes sobre as cales non recaese resolución expresa no prazo de seis meses contados desde a data de publicación da orde.

Artigo 7º.-Requisitos das subvencións.

No prazo de corenta días naturais, contados desde a notificación da concesión da subvención, os beneficiarios remitirán á correspondente delegación provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a seguinte documentación:

a) Aceptación da subvención segundo o modelo do anexo IV.

b) Certificación da entidade bancaria acreditativa do número de conta e do CIF/NIF do beneficiario.

c) Cando o investimento fose un dos determinados no artigo 5º.1 f) achegarase proxecto definitivo visado polo colexio oficial da acción subvencionada.

O dito proxecto, e para os efectos da súa validez para incorporar ao expediente, deberá recibir informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística da Dirección Xeral de Turismo.

Se a documentación non reúne os requisitos necesarios, concederase un prazo de dez días para cumprilos segundo o establecido no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Transcorrido o sinalado prazo de corenta días naturais ou o de requirimento, de ser o caso, procederase a declarar os interesados que non cumpran o sinalado neste artigo decaídos no seu dereito ao trámite correspondente, logo de resolución ditada para o efecto, e anularase a subvención concedida.

Artigo 8º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios da subvención deberán comezar a execución do proxecto durante o ano 2005, debendo estar rematado con tempo dabondo para xustificar o investimento subvencionado dentro dos prazos establecidos nesta orde, aínda que tamén poden ser subvencionados os proxectos iniciados con anterioridade ao ano 2005, sempre e cando os solicitantes presenten certificación valorada, asinada por técnico facultativo, das obras realizadas, as cales non computarán para os efectos de investimento subvencionable.

2. O establecemento obxecto de subvención deberá contar coa documentación preceptiva a que para o seu funcionamento se refire o Decreto 191/2004, de establecementos de turismo rural.

3. Os proxectos que se subvencionen terán que publicitar a colaboración da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo - Dirección Xeral de Turismo, tanto durante a realización das obras como posteriormente, mediante un cartel que se exhibirá en sitio ben visible. As características do dito cartel, así como a súa localización e contido, serán indicados polos correspondentes servizos provinciais de Turismo da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta do

beneficiario da subvención. Así mesmo, deberán publicitar a financiamento co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) mediante un cartel que mostre a bandeira europea (fondo azul e estrelas amarelas) e as siglas Feder.

4. Se é o caso os proxectos que se subvencionen terán que cumprir o disposto na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e as normas regulamentarias de desenvolvemento.

Artigo 9º.-Xustificación e pagamento das subvencións.

1. Os beneficiarios de subvencións concedidas en virtude da presente orde terán como data límite para a presentación de xustificación do investimento executado, que se deberá realizar de conformidade co programa de obras, as seguintes:

Fase de 2005: 1 de novembro de 2005.

Fase de 2006: 1 de outubro de 2006.

Fase de 2007: 30 de xuño de 2007

Se a documentación non reúne os requisitos necesarios, concederase un prazo de dez días para cumprilos segundo o establecido no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procedendo a declarar decaídos no seu dereito os interesados que non cumpran o disposto neste artigo, logo de resolución ditada para o efecto.

De non xustificarse o investimento executado correspondente á primeira anualidade, quedará anulada toda a subvención.

De non xustificarse o investimento executado nos prazos indicados, anularase a subvención correspondente á dita anualidade.

2. A xustificación do investimento executado deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención ou coas modificacións autorizadas. Se o investimento xustificado fose menor, e sempre mantendo os fins para que se concedeu a subvención, esta reducirase proporcionalmente ao investimento non xustificable.

3. Para percibir a subvención os beneficiarios remitirán á correspondente delegación provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, por triplicado exemplar, a seguinte documentación:

3.1. Solicitude de cobramento segundo o modelo do anexo V.

3.2. Facturas e certificación por conceptos, asinada polo técnico director de obra, relativa á obra executada coa súa valoración e, no caso de obra rematada, tamén se achegará certificado de fin de obra.

3.3. Cando o investimento subvencionable se refire ás accións previstas no artigo 5º.1 f) da presente orde deberase remitir, ou ben a documentación que se sinala no parágrafo anterior ou, no seu defecto, facturas orixinais, ou copia compulsada delas, relativas ao investimento executado.

En calquera dos casos, nas facturas deberá especificar o interesado a que concepto do investimento que serviu de base á concesión de subvención corresponde cada unha delas.

3.4. Certificados de estar ao día nas súas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da Comunidade Autónoma e nas obrigas coa Seguridade Social e de que non se ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

3.5. Licenza urbanística ou licenza por obra menor, se fose o caso, expedida polo concello, que posibilite a execución do proxecto subvencionado. O dito documento é preceptivo; de non presentarse coa primeira solicitude de pagamento, a Dirección Xeral de Turismo anulará a subvención concedida.

3.6. Acta de manifestacións, en escritura pública, onde se recollan os compromisos a que se fai referencia no artigo 4º e, se fose o caso, no anexo III desta orde. Será obrigatorio presentar este documento coa primeira solicitude de pagamento.

3.7. Antes do derradeiro aboamento os beneficiarios deberán achegar, xunto co resto da documentación, declaración de conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

3.8. Cando se solicite o pagamento da anualidade de 2005 ou de 2006 ou 2007, ademais da presentación da documentación indicada no número 3 do presente artigo, tamén deberán concorrer as seguintes circunstancias e condicións a que fai referencia o artigo 16.2º do Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Deberá solicitalo ao interesado.

b) Deberá xustificarse non só o investimento senón os pagamentos efectuados na mesma proporción que represente o pagamento parcial respecto á subvención concedida ata ese momento con cargo ao proceso de investimento aprobado.

c) O importe que se poida satisfacer por pagamentos parciais non poderá exceder en ningún caso da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario nin tampouco superar o 80% do total da subvención concedida.

d) Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva da subvención.

3.9. En calquera caso os pagamentos parciais teranse que garantir conforme o determinado no artigo 17 do anteriormente sinalado Decreto 287/2000, do 21 de decembro. A garantía ou aval deberá cubrir o importe dos anticipos ou pagamentos fraccionados xunto cos xuros destes calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude e como mínimo aquela en que se cumpran dous meses da do remate do prazo de xustificación previsto na norma reguladora ou convocatoria.

Unha vez comprobada a realización da actividade ou proxecto para que se concedeu a subvención, as garantías serán liberadas.

Poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto da presente orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-A condición de beneficiario de subvención, sen prexuízo dos demais requisitos que na mesma se establecen, só poderá adquirirse cando polo menos o 35% do cadro de persoal da empresa solicitante de axuda teña contratos por tempo indefinido.

No caso de empresas de nova creación, poderá adquirirse a condición de beneficiario de subvención, cando exista o compromiso de acadar como mínimo o 35% de estabilidade laboral ao remate do prazo de 5 anos.

A porcentaxe de estabilidade mínima laboral, no caso de empresas con menos de 10 traballadores e para os efectos de adquirir a condición de beneficiario de subvención, será dun 33%.

Non será preciso dar cumprimento aos anteditos requisitos de estabilidade laboral no caso de que a subvención concedida sexa inferior a 60.101 €.

Segunda.-As modalidades de contratos aceptados na presente orde, para os efectos de creación de emprego, son:

- \* Autoemprego.
- \* Indefinidos.
- \* Fixos-descontinuos.

Deberá sinalarse se a xornada a desempeñar é a tempo completo ou se se trata de xornada partida.

Todo isto con independencia de se a cotización á Seguridade Social se fai a través do réxime xeral ou especial de traballadores por conta allea ou polo de traballadores autónomos.

Se é o caso, e para o cálculo da equivalencia ao ano, procederáse a dividir a suma de horas traballadas, pola xornada anual de actividade, determinando este resultado o número de postos creados.

O cumprimento das condicións relativas á creación de emprego acreditarase mediante o oportuno certificado do organismo laboral competente.

Terceira.-De xeito excepcional, logo de petición do solicitante, e coa debida motivación, en casos de estacionalidade da actividade ou de especiais dificultades dun sector ou dunha empresa concreta, a Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos poderá autorizar a non existencia de porcentaxe mínima de emprego estable para obter a consideración de beneficiario da axuda.

Cuarta.-Para os efectos desta orde entenderase como creación de emprego a reconversión de postos de traballo temporais en postos de traballo fixos.

Quinta.-No caso de que os proxectos presentados ao concurso de subvención obxecto desta orde fosen de tal importancia para os obxectivos turísticos e tal feito determinase que se fixese preciso ampliar o importe do crédito determinado no artigo 2º desta orde, a Dirección Xeral de Turismo fará a correspondente proposta nos termos establecidos na normativa orzamentaria.

#### *Disposición transitoria*

Todos os actos ditados nos expedientes de gasto regulados ao abeiro desta orde entenderanse condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron aqueles. A concesión das subvencións reguladas na presente orde estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

#### *Disposición derradeira*

En todo o non recollido na presente orde aplicarase o disposto para esta materia no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e as súas disposicións de desenvolvemento, así como no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e nas correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2004.

Jesús Pérez Varela  
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social y Turismo

## ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA,  
 COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO



PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS PARA A MELLORA DE ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>CJ982U</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NOME	NIF / CIF
ENDEREZO	MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL
ACTUANDO NO SEU NOME E REPRESENTACIÓN <sup>1</sup>		NIF
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS (INDÍQUESE ENDEREZO COMPLETO CON C. POSTAL E MUNICIPIO)	TELÉFONO	E-MAIL E/OU FAX
PERSOA DE CONTACTO EN CASO DE AUSENCIA DO SOLICITANTE	TELÉFONO	E-MAIL E/OU FAX

## NO CASO DE SER O SOLICITANTE PERSOA DISTINTA AO PROPIETARIO

APELIDOS E NOME	DNI / CIF	DATA DE AUTORIZACIÓN E ÓRGANO
-----------------	-----------	-------------------------------

## LOCALIZACIÓN DO INVESTIMENTO

LUGAR / PARROQUIA	MUNICIPIO	PROVINCIA
-------------------	-----------	-----------

## EXPÓN:

Que para o establecemento de turismo rural de que se describen as características básicas neste anexo I así como no anexo II, vista a convocatoria de subvencións publicada no DOG nº \_\_\_\_ do \_\_\_\_\_ de 200\_\_ e considerando reunir os requisitos exixidos de conformidade coa memoria e demais documentación que achega, e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria,

## SOLICITA:

Unha axuda polo importe de \_\_\_\_\_ <sup>2</sup> para completar o financiamento do proxecto \_\_\_\_\_ <sup>3</sup>  
 do establecemento de turismo rural denominado \_\_\_\_\_ <sup>4</sup>

<sup>1</sup> Neste caso débese actuar no procedemento consonte o artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do PAC.

<sup>2</sup> Este importe ten que ser igual ao indicado no anexo II, no punto en que se indique a subvención solicitada.

<sup>3</sup> Indicar se é adaptación, reforma ou mellora.

<sup>4</sup> Indicar o nome comercial do establecemento.

<sup>5</sup> Da provincia onde está o establecemento para que se solicita a subvención.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 10 de decembro de 2004 pola que se convocan subvencións para a mellora de establecementos de turismo rural.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL  _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	/ /
	DATA DE ENTRADA
	/ /
	DATA DE EFECTOS
	/ /
	DATA DE SAÍDA
	/ /
REVISADO E CONFORME	

Delegado provincial de \_\_\_\_\_ <sup>5</sup>  
 Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo



ANEXO II

DESCRIPCIÓN DO INVESTIMENTO SEGUNDO O PROXECTO PRESENTADO

GRUPO EN QUE SE ENCADRA O ESTABLECEMENTO <sup>6</sup>																													
DATA DE AUTORIZACIÓN DE APERTURA	MODALIDADE DE XESTIÓN <sup>7</sup>																												
OFERTA DE SERVIZOS Número de cuartos _____ Número de prazas _____ Comedor _____ <sup>8</sup> Restaurante _____																													
OUTROS SERVIZOS OFERTADOS BEN INDIVIDUALMENTE OU ASOCIADO																													
OCUPACIÓN MEDIA NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS OU BEN DESDE A SÚA APERTURA	PERÍODO DE FUNCIONAMENTO																												
<table border="1"> <thead> <tr> <th colspan="2">CUSTO DO INVESTIMENTO</th> <th colspan="2">FINANCIAMENTO DO PROXECTO</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Execución material</td> <td>_____ €</td> <td>Recursos propios</td> <td>_____ €</td> </tr> <tr> <td>Redacción de proxecto</td> <td>_____ €</td> <td>Préstamos</td> <td>_____ €</td> </tr> <tr> <td>Dirección de obra</td> <td>_____ €</td> <td>Préstamos Pemes</td> <td>_____ €</td> </tr> <tr> <td>  Importe neto</td> <td>_____ €</td> <td>Subvención solicitada</td> <td>_____ €</td> </tr> <tr> <td>  Impostos/taxas</td> <td>_____ €</td> <td><b>TOTAL</b></td> <td>_____ €</td> </tr> <tr> <td><b>TOTAL</b></td> <td>_____ €</td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table>		CUSTO DO INVESTIMENTO		FINANCIAMENTO DO PROXECTO		Execución material	_____ €	Recursos propios	_____ €	Redacción de proxecto	_____ €	Préstamos	_____ €	Dirección de obra	_____ €	Préstamos Pemes	_____ €	Importe neto	_____ €	Subvención solicitada	_____ €	Impostos/taxas	_____ €	<b>TOTAL</b>	_____ €	<b>TOTAL</b>	_____ €		
CUSTO DO INVESTIMENTO		FINANCIAMENTO DO PROXECTO																											
Execución material	_____ €	Recursos propios	_____ €																										
Redacción de proxecto	_____ €	Préstamos	_____ €																										
Dirección de obra	_____ €	Préstamos Pemes	_____ €																										
Importe neto	_____ €	Subvención solicitada	_____ €																										
Impostos/taxas	_____ €	<b>TOTAL</b>	_____ €																										
<b>TOTAL</b>	_____ €																												

<sup>6</sup> Indicar se é do grupo A, B ou C.

<sup>7</sup> Residencia ou pousada.

<sup>8</sup> Indicar se se prevé a súa creación ou se xa existe.

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

NOME DO SOLICITANTE/RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA	REPRESENTANTE LEGAL
<b>NÚMERO DE TRABALLADORES DA EMPRESA</b>	
TOTAL (EN NÚMERO E EN LETRA)	PORCENTAXE DE EMPREGADOS ESTABLES CON RESPECTO AO TOTAL
CON CONTRATO ESTABLE (EN NÚMERO E EN LETRA)	_____ %

En nome propio / Como representante legal da empresa **DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

- 1.- Que os anteditos datos son certos.
- 2.- Que me comprometo a crear, co investimento para que se solicita subvención, \_\_\_\_\_ (en letra) postos de traballos indefinidos e que a súa creación se realizará nun prazo de 3 anos contados desde a data da reapertura do establecemento ou se teña correctamente xustificado o investimento.
- 3.- Que me comprometo a acadar e manter a porcentaxe mínima de estabilidade laboral, nos termos establecidos na presente orde de subvencións, respecto das novas contratacións que deriven do proxecto de investimento para que se solicita subvención.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

NO NOME PROPIO / REPRESENTANTE LEGAL

ASDO.: \_\_\_\_\_ (NOME E APELIDOS)

**NOTA IMPORTANTE:** Esta declaración xurada non producirá efectos no que respecta ao compromiso de manter a porcentaxe de estabilidade mínima laboral no caso de que a subvención concedida fose inferior a 60.101,00 €.

## ANEXO IV

BENEFICIARIO
ACCIÓN

Após a notificación que me realizou a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, da concesión dunha subvención de \_\_\_\_\_ € para a execución do proxecto consistente en \_\_\_\_\_ e que conta cun investimento de execución de \_\_\_\_\_ €.

**EXPOÑO:**

Que a acepto e me comprometo a cumprir todos os requisitos que me son exixibles segundo a orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo pola que se anuncian subvencións para a mellora de establecementos de turismo rural.

Así mesmo,

**DECLARO:**

O meu coñecemento expreso de todos e cada un dos requisitos exixidos na convocatoria así como o réxime de infraccións e sancións legalmente establecido en materia de subvencións (artigo 79 TR da Lei 1/1999, do 7 de outubro, da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia).

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_  
O/A beneficiario/a / O/A representante legal

Asdo.: \_\_\_\_\_